

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0180	2ª Lingua estranxeira-Francés	2018/2019	7	157	157

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PALOMA CARRAZONI FUERTES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No Ciclo Superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos, ofértase como 2ª Lingua Estranxeira o francés, cun total de 157 horas. Esta lingua é considerada neste Ciclo Formativo como unha ferramenta de traballo útil na formación que precisan os/as profesionais deste sector, para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de aloxamentos turísticos.

A aprendizaxe dunha Lingua estranxeira consiste no desenvolvemento das catro competencias comunicativas básicas: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita.

Tendo en conta que o futuro laboral do/a alumno/a está enfocado a acoller, instalar e atender axeitadamente ós clientes, este módulo centrarase na aprendizaxe das estruturas básicas da lingua, o seu sistema verbal e un léxico axeitado para que poida establecer unha comunicación clara e sinxela en lingua francesa.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Bienvenue à l'hôtel	Presentación do persoal dun hotel. Usar fórmulas de cortesía. Referencias dun hotel. Presentar o noso hotel. Tempos verbais. Artigos.	30	15
2	Réservation	Reservar unha habitación por teléfono. Reservar unha mesa nun restaurante. Reservar por internet. Escribir unha carta de confirmación de reserva. Modificar, anular unha reserva. Interrogación. Expresión do tempo e hora. O pasado.	27	15
3	Accueil	Acoller un cliente. Acoller un grupo. Instalar un cliente na súa habitación. Redactar unha mensaxe de acollida e benvinda. Acoller nun restaurante. Acoller e responder axeitadamente ao teléfono.	30	15
4	Services	Coñecer e presentar o equipamento dun hotel. Cumprimentar unha ficha de pedido en piso. Coñecer e dominar o rol do persoal de piso. Pedidos nun restaurante. Indir o camiño. informar. Describir un prato nun restaurante. Pronombres persoais. Imperativo.	30	20
5	Réclamations	Problemas en recepción. Clientes descontentos nun restaurante. Xestionar queixas no piso. Reclamacións por correo electrónico. Carta de desculpa. Os pronombres	20	20
6	Départ	Preparar a saída do cliente. Presentar a factura. Ficha de avaliación de prestacións e satisfacción do cliente. Redactar documento para seguir en contacto co cliente.	20	15



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Bienvenue à l'hôtel	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Captouse a idea principal da mensaxe.
CA1.3 Identifícase a información específica contida na mensaxe.
CA2.1 Fíxose unha lectura comprensiva de textos específicos do seu ámbito profesional.
CA2.2 Identifícase con precisión a terminoloxía utilizada.
CA3.4 Descríbiuse con relativa fluidez o seu contorno profesional máis próximo.
CA3.6 Realizáronse con claridade presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da especialidade.
CA3.7 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións adaptadas ao seu nivel.
CA4.4 Formalizouse un texto dado con apoios visuais e claves lingüísticas achegadas.
CA4.6 Redactouse unha carta comercial a partir de instrucións detalladas e modelos dados.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social dos países da lingua estranxeira.

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento de mensaxes profesionais do sector e cotiás.
Terminoloxía específica do sector.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos profesionais do sector e cotiás.
Terminoloxía específica do sector.
Recursos gramaticais.



Contidos

Terminoloxía específica do sector.

Linguaxe non verbal (código xestual).

Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Preferencias polo rexistro formal no ámbito socioprofesional.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía e diferenzas de rexistro.

Expresión e formalización de documentos e textos profesionais do sector e cotiáns.

Linguaxe específica de internet na lingua estranxeira.

Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación e a intención das persoas interlocutoras.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Réservation	27

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícase a actitude e a intención da persoa interlocutora.
CA2.2 Identifícase con precisión a terminoloxía utilizada.
CA2.5 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).
CA3.1 Comunícase utilizando fórmulas sinxelas, nexos e estratexias de interacción.
CA4.1 Formalízase información básica requirida en distintos tipos de documentos.
CA5.2 Descríbense os protocolos e as normas de relación social propios dos países da lingua estranxeira.

4.2.e) Contidos

Contidos
Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Distinción entre datos e opinións e identificación da intención da persoa falante.
Terminoloxía específica do sector.
Características específicas de documentos profesionais recibidos por medios telemáticos.
Resolución de problemas coa clientela. Interrogación.
Linguaxe non verbal (código xestual).
Resposta afirmativa ou negativa atenuada a unha petición.
Particularidades da conversa telefónica.
Linguaxe específica de internet na lingua estranxeira.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Accueil	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícase o fío argumental dunha situación comunicativa presenciada.
CA1.7 Determináronse os papeis que aparecen nunha secuencia presenciada.
CA2.3 Extraeuse a información máis salientable dun texto relativo á súa profesión.
CA3.2 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.5 Estableceuse a secuencia das actividades propias dun proceso produtivo do sector profesional.
CA3.9 Intercambiouse información específica con fluidez, utilizando frases de estrutura sinxela.
CA4.1 Formalizouse información básica requirida en distintos tipos de documentos.
CA4.3 Redactouse un breve currículo.
CA4.4 Formalizouse un texto dado con apoios visuais e claves lingüísticas achegadas.
CA4.5 Elaborouse un pequeno informe cun propósito comunicativo específico.
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.

4.3.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento de mensaxes profesionais do sector e cotiás.
Recursos lingüísticos: estruturas e funcións.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos profesionais do sector e cotiás.
Terminoloxía específica do sector.
Recursos gramaticais.



Contidos

Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.

Interpretación dun documento profesional na lingua estranxeira: ofertas e demandas de emprego, currículos, modelos de cartas, cuestionarios, facturas, manuais, etc.

Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.

Conectores lingüísticos.

Linguaxe non verbal (código xestual).

Expresión fónica, entoación e ritmo.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía e diferenzas de rexistro.

Benvida e recepción da clientela. Despedida.

Uso da descrición como recurso lingüístico.

Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Services	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícase a información específica contida na mensaxe.
CA1.6 Identifícase o fío argumental dunha situación comunicativa presenciada.
CA2.2 Identifícase con precisión a terminoloxía utilizada.
CA2.4 Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos sinxelos, e utilizáronse materiais de consulta e dicionarios técnicos.
CA3.4 Descríbiuse con relativa fluidez o seu contorno profesional máis próximo.
CA4.2 Elaborouse unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo dada.
CA4.7 Realizáronse resumos breves de textos sinxelos relacionados co seu contorno profesional.
CA5.4 Identifícanse en calquera tipo de texto os aspectos socioprofesionais propios do sector.

4.4.e) Contidos

Contidos
Ideas principais e secundarias.
Terminoloxía específica do sector.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Mantemento e seguimento do discurso oral.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Uso da descrición como recurso lingüístico.
Linguaxe específica de internet na lingua estranxeira.
Formalización dun documento profesional na lingua estranxeira: ofertas e demandas de emprego, currículos, modelos de cartas, cuestionarios, facturas, manuais, etc.



Contidos

Coherencia textual

Recoñecemento da lingua estranxeira para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Réclamations	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Extraéronse as ideas principais dunha mensaxe emitida por un medio de comunicación.
CA2.5 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).
CA3.5 Estableceuse a secuencia das actividades propias dun proceso produtivo do sector profesional.
CA3.9 Intercambiouse información específica con fluidez, utilizando frases de estrutura sinxela.
CA4.6 Redactouse unha carta comercial a partir de instrucións detalladas e modelos dados.
CA5.2 Descríbóronse os protocolos e as normas de relación social propios dos países da lingua estranxeira.

4.5.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento de mensaxes profesionais do sector e cotiás.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos profesionais do sector e cotiás.
Recursos gramaticais.
Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra.
Apoio, demostración de entendemento e petición de aclaración.
Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Preferencias polo rexistro formal no ámbito socioprofesional.
Proposta de actividades e informacións varias.
Resposta afirmativa ou negativa atenuada a unha petición.
Expresión e formalización de documentos e textos profesionais do sector e cotiás.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Nexos.



Contidos

Linguaxe específica de internet na lingua estranxeira.

Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Départ	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.	NO
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Situouse a mensaxe no seu contexto profesional.
CA2.6 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
CA2.7 Léronse con certo grao de independencia textos de diversos tipos, adaptando o estilo e a velocidade de lectura, aínda que poida presentar algunha dificultade, con modismos pouco frecuentes.
CA3.3 Manifestáronse preferencias laborais no sector profesional.
CA3.7 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións adaptadas ao seu nivel.
CA3.8 Respondeuse a preguntas breves complementarias relativas á profesión.
CA4.6 Redactouse unha carta comercial a partir de instrucións detalladas e modelos dados.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social dos países da lingua estranxeira.

4.6.e) Contidos

Contidos
Terminoloxía específica do sector.
Discriminación das principais oposicións fonolóxicas.
Diferenciación entre fonemas vocálicos orais e nasais.
Comprensión de mensaxes, textos e artigos profesionais do sector e cotiáns.
Terminoloxía específica do sector.
Ideas principais e ideas secundarias.
Recursos gramaticais.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.



Contidos

Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.

Interpretación dun documento profesional na lingua estranxeira: ofertas e demandas de emprego, currículos, modelos de cartas, cuestionarios, facturas, manuais, etc.

Características específicas de documentos profesionais recibidos por medios telemáticos.

Terminoloxía específica do sector.

Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.

Uso do discurso indirecto. Transmisión dun aviso.

Expresión e formalización de documentos e textos profesionais do sector e cotiáns.

Formalización dun documento profesional na lingua estranxeira: ofertas e demandas de emprego, currículos, modelos de cartas, cuestionarios, facturas, manuais, etc.

Recoñecemento da lingua estranxeira para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para superar os mínimos exigibles no módulo o/a alumno/a deberá alcanzar as seguintes capacidades :

- comunicarse oralmente, utilizando estruturas e campos semánticos xa vistos no programa e capacidade de ler un texto con corrección fonética.
- comprender globalmente mensaxes orais.
- redactar textos que respondan a diferentes intencións comunicativas.
- comprender, interpretar e responder a textos escritos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Teranse en conta os instrumentos de avaliación empregados : probas escritas, orais, traballos, exposés, lectures ...

A nota de cada trimestre esta subdividida en catro partes que corresponden ás catro destrezas de comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita e cada parte ten o seguinte peso dentro da nota final :

1. Lectura/s : será un 10% da calificación total. En cada trimestre haberá unha/s lectura/s graduada/s e /ou extensiva(s). A partires da/s mesma/s farase unha proba obxectiva.
2. Comprensión escrita : será un 20% da calificación total. Realizarase unha proba por cada dúas unidades.
3. Expresión escrita : será un 20% da calificación total. Incluirá tarefas gramaticais, léxicas e comunicativas relacionadas con contidos impartidos en cada avaliación. Realizarase unha proba por cada dúas unidades e a nota será a media de todas as probas realizadas.
4. Comprensión oral : será un 25% da calificación total. A partires dunha gravación o alumnado completará un formulario de Vrai/Faux, ocos ou responder a preguntas relacionadas coa audición. Realizaranse varias probas o longo do trimestre e a nota será a media das mesmas.
5. Expresión oral : será un 25% da calificación total. Consistirá nunha/s proba/s de expresión e /ou interacción oral. A partires dunha situación profesional simulada (diálogo, explicación individual, presentación ...) o alumnado amosará a súa competencia comunicativa. Realizaranse varias probas ó longo do trimestre e a nota será a media das mesmas.

Resumo do peso puntuación:

COMPETENCIA ESCRITA: 40 % - Comprensión escrita 20% / Expresión escrita 20%

COMPETENCIA ORAL: 50%- Comprensión oral 25% / Expresión oral 25%

LECTURA : 10%

A calificación final de cada avaliación obtérase coa suma das calificacións de cada unha das competencias para o cal será imprescindible acadar unha puntuación mínima de 3 sobre 10 en cada unha delas.

Cada unha das avaliacións terá o seguinte peso no cálculo da nota final do módulo :

Primeira avaliación : 40%

Segunda avaliación : 60%

No caso de que o alumno/a non se presentase a calquera das probas (trimestrais ou finais) se lle fará un examen fóra da data fixada para todo o grupo sempre que presente o debido xustificante e a natureza da falta estea recollida no NOF.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Non se contemplan actividades de recuperación máis aló da asistencia e axuda directa e/ou exercicios de afianzamento para o alumnado con algunha dificultade.

Durante o curso esta atención personalizada traducirase en actividades deseñadas para que poida adquirir e/ou afianzar os coñecementos e as competencias necesarias para a superación das dificultades atopadas e a superación do módulo.

O alumnado suspenso na primeira avaliación recuperará ao aprobar a segunda avaliación.

2. O alumnado suspenso na segunda avaliación terá que asistir ás clases de recuperación a partir do mes de marzo e ata a avaliación final, os días e horas que o departamento de idiomas comunique ó interesado e á xefatura.

* No caso de que alumno suspenda só unha das competencias terá dereito a recuperala nunha proba extraordinaria ó final do segundo trimestre.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando se perde o dereito a avaliación continua o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria. Deberá superar as seguintes fases:

PROBA ORAL : 60%

a) O alumnado demostrará ter acadadas as capacidades terminais exixidas de acordo cos contidos expostos na programación, como por exemplo presentarse, describir algo /alguén, dar explicacións sobre a composición dun prato, facer unha reserva, atender ó cliente....

b) Unha proba de comprensión auditiva.

PROBA ESCRITA : 40%

Constará de diversos exercicios que avalíen os coñecementos que debe acadar o alumnado ó rematar o curso:

a) Cuestións gramaticais: Proporanse exercicios variados como por exemplo: encher os ocos dun texto con artigos ou adxetivos demostrativos, transformar as formas verbais dun texto en outro tempo estudado.

b) Comprensión escrita (con preguntas e / ou traducción)

c) Frases específicas (traducción directa e / ou inversa).

d) Unha redacción sobre temas vistos en clase (diálogo / carta / narración en presente ou en pasado).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teránse en conta os resultados académicos acadados polo alumnado e o logro e obxectivos programados sempre tendo en conta os resultados obtidos na avaliación inicial.

Tamén se levará a cabo unha reunión mensual do Departamento de Dinamización de idiomas para analizar os resultados, avances e/ou dificultades nos distintos módulos e informar à xefatura dos progresos do alumnado.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de enquisas pasadas trimestralmente ó alumnado nos que piden opinión e/ou valoración sobre os métodos de docencia empregados, o xeito de traballo na aula así como cuestións que atinxen ós obxectivos dos diferentes contidos explicados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na ficha do alumno/a especificarase o seu nivel de estudos, os seus coñecementos previos da materia así como a súa relación co mundo laboral. A primeira semana realizarase unha proba de avaliación inicial para comprobar o nivel do alumnado. Esta proba terá un carácter meramente informativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para atender á diversidade do alumnado contemplanse as seguintes medidas:
Cambios nos métodos de traballo para facerlle máis doado ó alumnado a aprendizaxe dos contidos mínimos esixibles.
Materiais didácticos diferenciados e adaptados ás necesidades do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.
Realización de exercicios adicionais a partir de materiais diferentes ós usados na aula.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Prestaremos na aula especial atención á formación para a igualdade entre homes e mulleres, tema extremadamente importante nun sector profesional no que a diferenza e/discriminación no trato personal e profesional é notable.
Contémplanse actividades específicas para conmemorar determinadas datas como o 26-S, o 25-N, ou o 8-M ...
Outro tema obxecto de traballo na aula será o do respecto ao alumnado, ao profesorado, aos espazos e recursos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Está previsto un intercambio cos alumnos do Instituto Luis Seoane. A actividade consistirá en realizar o servizo completo no comedor comunicándose en francés : accueil, commande, réclimations ...
Os membros do departamento de dinamización de linguas ficarán atentos as propostas de intercambio, viaxes de estudos, estancias curtas e visitas didácticas aos lugares que desde o punto de vista da práctica idiomática poidan resultar interesantes para o noso alumnado.
Asemesmo realizaranse actividades interdisciplinares con distintos módulos / profesores doutros ciclos como cociña, servizos (e outros de ser o

caso) co obxectivo de darlle un carácter integrador a todas as actividades dos diferentes módulos que integran o currículo.

10. Outros apartados

10.1) LIBRO DE TEXTO

O libro de texto completárase con outras actividades como xogos de rol, películas, libros de lectura, xogos diversos (bingo - nombres et verbes -, flash cards, dialogues, le tour de France, le jeu de la francophonie, championnat de France, cartes, jeu de vocabulaire...)

Libro de texto : Hôtellerie-restauration.com, Sophie Corbeau, Chantal Dubois, Jean-Luc Penfornis - Laurent Semichon, 2e édition, edit. Clé international

10.2) DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN

A difusión da programación farase do seguinte xeito :

1. O primeiro día de clase explicaranse o alumnado os contidos da programación e os obxetivos do currículo así como os criterios de cualificación adoptados polo departamento. Tamén as actividades previstas e, de ser o caso, as de recuperación. (Ver apartados 5 e 6)
2. O alumnado asinará un documento conforme foi informado polo docente dos aspectos anteriormente mencionados. Este documento arquivarase no caderno de aula do/a profesor/a e unha copia quedará no Departamento.

10.3) CLUBE DE LECTURA, CHORALE, THÉÂTRE

Este ano cambiamos o formato do clube de lectura e convertímolos en clube de conversación : desenvolverase durante un recreo a semana. Continuamos coa coral e cantaremos durante 3 recreos a semana.

A asistencia ós dous talleres será voluntaria e pretende afianzar e dinamizar a aprendizaxe da lingua o tempo que anima as persoas que non teñen francés no seu ciclo a poder aprendelo.

Os temas de conversa e as cancións serán escollidas en función do alumnado participante.